



EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

BANDO

ASUNTO: DETECTORES DE FUME PARA MAIORES DE 65 ANOS

**D. CARLOS VÁZQUEZ PADÍN, ALCALDE DO
CONCELLO DE TUI,**

FAI SABER:

Que o Concello de Tui pon a disposición das persoas residentes no municipio, maiores de 65 anos, preferiblemente que vivan soas, un detector de fume para a súa vivenda, de mínimo mantemento e de fácil colocación, así dunha maneira sinxela as persoas maiores poderán dispor no seu fogar dun aparato que detecte o fume e que ven cunha guía de consellos onde se explica de forma moi fácil como e onde colocalos, como é o seu mantemento e as precaucións que debemos ter en conta.

As persoas interesadas en obter este aparato de detección de fume, deberán dirixirse ás oficinas municipais, de luns a venres e en horario de 9,00 h. a 14,00 h., para facer a súa petición.

En Tui, na data que se sinala á marxe

O VOSO ALCALDE

Carlos Vázquez Padín